

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALVATERRA DE MIÑO****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS*

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño, na sesión ordinaria, que tivo lugar o día 26 de xullo de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos, mediante a modificación dos artigo 3 e 4.

En cumprimento do disposto no artigo 17, apartados 1 e 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos do Concello de Salvaterra de Miño, someteuse a información pública mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 150, de data 6 de agosto de 2021, e no diario "FARO DE VIGO", de data 05 de agosto de 2021, uns dos de maior tirada da provincia de Pontevedra, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 6 de agosto de 2021 e finalizando o día 28 de setembro de 2021 (ambos inclusive)

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, enténdese definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos do Concello de Salvaterra de Miño.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos do Concello de Salvaterra de Miño, aprobadas polo Pleno do Concello de Salvaterra, na sesión ordinaria, do día 26 de xullo de 2021, e que son as seguintes:

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO
DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS***ARTIGO 3. NON SUXEIÇÕES**

Non poderán recoñecerse non suxeicións que as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.



Xoves, 14 de outubro de 2021

Núm. 198

ARTIGO 4. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Unha vez introducidas na Ordenanza as citadas modificacións, aprobadas polo Pleno na sesión do día 26 de xullo de 2021, que entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o texto refundido da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos do Concello de Salvaterra de Miño, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 16, de data 24 de xaneiro de 2017, queda como segue:

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO
DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS*

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións dentro do termo municipal, así como a prestación de outros servizos urbanísticos, incluída a extracción de áridos e explotación de canteiras. Así como, a realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia da licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

2.—A taxa devindicarase cando se inicie a prestación do servizo por parte da Administración municipal, coa recepción da solicitude ou/e a correspondente iniciación do expediente, e cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa.

3.—A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola concesión de esta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

1.—Serán suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que sexan solicitantes da licenza ou que presenten comunicacións previas ou declaracións responsable, así como os que executen as instalacións, obras ou construcións sen obter a previa licenza nin presentar as comunicacións previas ou declaracións responsables.

2.—En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

3.—Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.4.—Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.



ARTIGO 3. NON SUXEIÇÕES

Non poderán recoñecerse non suxeicións que as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 4. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS:

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base imponible que en tódolos casos coincidirá coa base liquidable, o orzamento da construción, instalación ou obra a realizar, agás o disposto no apartado B) do artigo seguinte.

ARTIGO 6. TIPO IMPOSITIVO E COTA

A) Licenzas de obra e proxectos de urbanización así como as actividades administrativas de control nos supostos de que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa:

- 1.—O tipo de gravame será o 2,50 %.
- 2.—A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.
- 3.—Establécense como cotas mínimas as seguintes:
 - Obras maiores90,00 euros.
 - Obras menores 30,00 euros.

Estas cotas mínimas serán de aplicación cando as cotas resultantes consonante co apartado primeiro deste artigo sexan inferiores as fixadas como mínimas.

- B) Publicidade vertical (por m²) 24,06 €
- Tarifa mínima publicidade vertical 39,86 €

Licenzas de parcelación, segregación:

- De fincas urbanas, por cada parcela resultante 86,00 €
- De fincas rústicas, por cada parcela resultante 32,00 €
- Licenzas de 1^a ocupación 65,00 €
- Licenzas de aliñacións e rasantes 65,00 €
- Por tala de Arbores, ata Exento



Xoves, 14 de outubro de 2021

Núm. 198

O Técnico Municipal a vista do Orzamento presentado dunha obra, procederá o seu análises e si os prezos unitarios non se corresponden cos prezos de mercado procederá a súa actualización para o cálculo de dita taxa.

ARTIGO 7. XESTIÓN

1.—Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se principie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade no momento da presentación da solicitude correspondente ou coa presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

2.—Cando as obras se teñan iniciado ou executado sen haber obtido a oportuna licenza ou sen haber presentado a comunicación previa ou a declaración responsable, a Taxa esixirase cando se principie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.

ARTIGO 8. DECLARACIÓN

1.—As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude coa documentación que sexa esixible.

2.—Se despois de formulada a solicitude de licenza de obra se alterasen as condicións proxectadas, estas modificacións haberán de pórse no coñecemento da Administración Municipal.

3.—Nos supostos nos que unicamente sexa necesario a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, presentarán no Rexistro Xeral a oportuna comunicación ou declaración coa documentación esixible na Ordenanza das actividades económicas de servizos no Concello de Salvaterra de Miño.

ARTIGO 9. LIQUIDACIÓNS E INGRESO

1.—Finalizada a actividade municipal e antes de ditar a Resolución municipal que proceda sobre a licenza de obra, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria.

2.—Non obstante, o Concello poderá liquidar e esixir o importe da Taxa no momento de presentala solicitude, en calidade de depósito previo.

3.—Nos supostos nos que unicamente sexa necesario a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, a taxa esixirase no momento da presentación da comunicación previa ou a declaración responsable.

4.—A renuncia á solicitude de licenza antes do seu outorgamento, abonará a taxa correspondente aos informes emitidos polos técnicos do concello, se os houbera, e se non un mínimo de 10 euros.



Xoves, 14 de outubro de 2021

Núm. 198

Si se renuncia á solicitude de licenza unha vez concedida, en un prazo máximo de seis meses a partir da data de concesión da mesma, devolveráselle o importe abonado previo pago das seguintes cotas:

- Obras maiores 90,00 euros.
- Obras menores 30,00 euros.

No caso de que o concello denegase a licenza, o solicitante abonará as seguintes cotas.

- Obras maiores 90,00 euros.
- Obras menores 30,00 euros.

O Concello unha vez abonados estes importes, procederá á devolución do importe da licenza.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1.—No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2.—A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Recursos procedentes:

Contra este acordo de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos do Concello de Salvaterra de Miño, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interperse polos interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Alcaldesa — Marta Valcárcel Gómez

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:07OLMQWKM3HPV2K

